

## CAMPAÑA DE ESQUI 2015

A Deputación da Coruña porá en marcha este ano unha campaña na estación de Manzaneda, na provincia de Ourense, para que rapaces da provincia de entre 10 e 13 anos poidan gozar dunha fin de semana de estadia na neve.

O Concello de Ferrol, manifestou o seu interese en participar no programa e o **número de prazas concedidas foi de 33**. No caso en que haxa máis demanda que oferta, igual que sucede nas convocatorias dos campamentos de verán, farase un sorteo público entre todos os solicitantes. As solicitudes deberán presentarse nos concellos, que serán os que remitirán finalmente os nomes dos participantes á Deputación. **O resultado do sorteo publicárase na páxina web do Concello e no taboleiro municipal.**

O Prazo de presentación de solicitudes comezará o **mércoles 10 de decembro e finalizará o venres 19 de decembro ás 14:00 horas**. As solicitudes serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

A documentación requirida é a seguinte:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores legais. ( anexo a este documento)
- Xustificante de empadramento no Concello de Ferrol do neno/a.
- Foto tipo carné
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Carné de identidade ou fotocopia do libro de familia.
- No suposto de que o neno/a tivera que ter un tratamento específico ou doenza que haxa que ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE:** Facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.
- Copia do aboamento da cota de inscrición. ( Cando a praza estea confirmada e o número de conta dado pola Deputación e publicado na súa web) . **O importe da citada cuota de inscrición é de 60€.**

A quenda que lle corresponde ao noso Concello é a 1º, correspondente a fin de semana do 30/01/2014 ó 1/02/2014 (salvo modificación por parte da Deputación da Coruña, organizadora e promotora da actividade).